



Dirección Xeral de Planificación Enerxética
e Recursos Naturais
Edificio Administrativo San Caetano s/n
Bloque 5, 4ª Planta
15781 Santiago de Compostela

Expediente IET: P-21-751
Proxecto: Modificación do parque eólico Figueiras
Concellos: Mondoñedo, Alfoz e O Valadouro (Lugo)
Promotor: Fergo Galicia Vento Pee, S.L.

Con data 01/08/2022 recibíuse no Instituto de Estudos do Territorio (IET) un escrito do Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética, por medio do cal se da traslado da resposta achegada polo promotor en relación ao informe do IET do 16/06/2022 sobre o estudo de impacto e integración paisaxística do proxecto de modificación do parque eólico Figueiras.

A citada resposta é un texto moi sucinto, no que, polo que atinxe á consideración da paisaxe e aos anteriores informes do IET, só se manifesta que *"Se aceptan las indicaciones del citado informe."*

Visto o anterior, este organismo entende que non é necesario someter a novo informe a modificación presentada polo promotor, xa que comprende as recomendacións dos informes emitidos ata agora, polo que se entende como favorable a proposta.

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

(Na data da sinatura electrónica)

